


O BARRIO

BOLETÍN INFORMATIVO PARA A VECIÑANZA DE CANIDO



Boletíns O Barrio dende o Núm. 00 ate a actualidade

O Boletín O BARRIO **está de aniversario!** Cumprimos doce meses publicando as novidades de Canido, dando conta de numerosas seccións que foron creándose ao longo destes primeiros números. Así, fomos informando da axenda de actividades, das reivindicacións de mellora do espazo público e da nosa historia. Algunhas destas seccións foron relativas a fitos do barrio, como a categorización do Museo da SGHN, boas novas que se producían logo de demandas

veciñais históricas, relativas á mellora da mobilidade (obras de mantemento de beirarrúas ou as escaleiras mecánicas que unirán Canido co barrio da Magdalena). Outras temáticas que tratamos no **Boletín** tamén nos axudaron a realizar un labor de sensibilización sobre os costumes na baixada de lixo e enseres, as cabichas na rúa ou os excrementos das mascotas. O BARRIO nace co obxectivo de manter unha canle de comunicación estable coa veciñanza, abrindo un diálogo a través da nosa caixa de correos


boletincanido@gmail.com

Dende o Consello de Redacción queremos agradecer ás persoas, entidades e establecementos que participan na súa elaboración e divulgación. **#identidade #colaboración #culturadebarrio**

EQUIPO DE REDACCIÓN

Rafael Aguirrebengoa Esnaola
Antonio Casal Velázquez
Guillermo Castro Peccis
Celia Fernández Alvaríño
Maica R. Freire

O BARRIO - ISSN 3045-4476



Os Maios chegan a Canido

As flores, o espírito da festa

Dende a redacción de O BARRIO animamos á veciñanza a adornar con maios as rúas, balcóns, portas e ventás. A construción de maios é unha tradición ancestral que ata o século XX se facía en todo Ferrol, especialmente en Canido. O mantemento deste aspecto singular da festa está nas mans de cada un de nós, e para axudar a avivar esta tradición, dende o mércores 30 haberá **obradoiros de maios** todas as tardes no Centro Cívico. O xoves día 1, festa do traballo, os xardíns de Rodolfo Ucha acollerán un **obradorio infantil de construción de maios**.



Celebrar en comunidade

O Centro Cívico acollerá un ano mais a festa final do clásico certame literario “**Inventa unha flor**” coa participación do alumnado dos centros educativos do barrio. Na SRYD Canido, celebrarase a merendola interxeneracional, e o **mercado veciñal** animará a praza Fernando Miramontes.

Haberá **xogos infantís** e pola diversidade se desenvolverán nos parques do barrio e o domingo 6 celebraremos no **Toldo da Tafona**, que debido á medidas de seguridade polo estado



do edificio da esquina da Tafona, celebrarase, como o ano pasado, no Colexio Cruceiro de Canido. Ao mediodía celebrarase o **xantar popular na rúa**, onde compartiremos mesa, mantel e viandas entre todos e todas nós.

Programación musical con acento local

Ningunha festa é festa sen música, e a programación de Maiores 2025 levará a 3 escenarios distintos.

Este ano poderás adquirir **rifas para apoiar a celebración da festa do barrio**.

Están dispoñibles xa no comercio e hostelería do barrio. **Non quedes sen a túa!**



NATUREZA NO BARRIO

No noso pequeno mundo, non todo son paxaros. Aí fóra hai moito máis, no mesmo barrio, e moitas veces non reparamos no que temos ao redor. Vivimos nun mundo en que todo se fai a correr, cada vez máis. Non temos un minuto para pararnos e mirar a vida que nos arrodea por todas partes.

Se tivesemos ese minuto de pausa veríamos que os muros vellos son refuxios de vida. Viven neles animais e plantas, e hoxe quero adicarlle este artigo a unha desas plantas tan pequenas que case son invisibles para a maioría. É un felgo. Un dos máis pequenos que medran en Galicia. As súas frondes apenas miden 15 cm cando alcanzan o máximo. Segundo a web biodiversidade.eu -un proxecto fantástico para a catalogación e estudo da natureza- o seu nome galego é “fento anual”. Non sei que alcance ten este nome, pero dende logo a min gústame máis o de “felguiño dos muros”, de colleita propia, xa que nunca o vin noutra parte que non fora nun muro (incluso de formigón).

O seu maior mérito e peculiaridade, aparte do seu tamaño, é o de ser unha planta anual, o único felgo anual de Galicia. Pola súa área de distribución, coído que debe tratarse dun relicto da antiga Macaronesia, como outras xoias da nosa flora.

Como non son especialista en botánica, descoñezo se se trata dunha especie ameazada. En Ferrol aparece en varios muros, cando menos no que está fronte á estación de trens e no muro do colexio Compañía de María. Na zona rural do municipio tamén pode verse nos muros ben conservados (aqueles nos que os propietarios permiten a vida).

Non direi onde medra en Canido, deixo que as lectoras o busquen, se queren. Medra nun muro de pedra, iso si. Se cadra, atopades algún núcleo máis que eu descoñezo. Por desgraza, a outra colonia que eu coñecía, moi numerosa, foi destruída ao derrubarse o muro onde medraba para construír unha nova casa.

Para aquelas persoas que tedes a inmensa sorte de ter un muro de pedra, cando fagades unha limpeza, mirade o que matades. Podedes provocar unha extinción local, desas que non acaparan titulares, pero que fan o mesmo dano ou máis.



AXENDA

DÍAS



1, 11 e 24

“O ferrocarril que está por vir e non chega”. Ciclo de charlas polo tren en Ferrolterra a celebrar no Ateneo Ferrolán e no Centro Cívico



4

Presentación do libro “*Todas las playas de mi vida*” de Maryi Malca, ás 19:00 horas no CC, ao remate haberá un pica-pica.



5

Primeira sesión do ciclo Vermú con letras: “Libros e máis” ás 13:00 horas, no CC presentarase a segunda obra colectiva das Comadres das Letras, “cereixas roubadas”.



9

Charla online de AFFINOR sobre novas investigacións ao redor da fibromialxia no CC ás 18:30 horas.



11

Ás 19.30 h cita coa comunidade de WordPress no CC: “*WordPress no Ecosistema de I+D+i: Retos e Oportunidades*” con David Pequeño Permuy, CEO de Ingenyus.



12

Segunda sesión do ciclo Vermú con letras: “Libros e máis” ás 13:00 horas, no CC presentarase a obra de Karlotti “Las adorables derrotas”



25

- Charla de AFFINOR sobre endometriose no CC ás 18:30 horas.
- Celebración conxunta da celebración da Revolución dos Cravos de Portugal e a liberación de Italia, na Segunda Gerra Mundial ás 19:30 horas.



INSCRÍBETE



O BARRIO QUE QUEREMOS


Sexamos cívicos: a rúa non é un vertedorio!

É unha desagradable e frecuente escea do noso barrio: mobles e outros equipamentos caseiros deixados en calquera contenedor agardando a que alguén os vaia a recoller. Basta con chamar ao teléfono **981 326 900** e **Urbaser** indicará o día que se poden deixar os trastos na rúa. É doado e un acto sinxelo para unha mellor convivencia.



O BARRIO É NOSO

O MODELO DE MOBILIDADE A DEBATE: QUE MODELO DE CIDADE PLANTEXA O NOVO PMUS?



Este pasado 26 de febreiro de 2025, o goberno municipal achegou aos distintos grupos municipais no Pleno, un **novo Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS)** que racha case por completo co espírito dos plans anteriores, é dicir co modelo que camiña cara a peonalización completa da cidade.

Isto vén dado porque, neste caso, o Concello propón un enfoque mixto, que permite a convivencia do vehículo cos peóns. Pasamos de buscar unha cidade máis peonil, tal como é a tendencia da grande parte das cidades europeas no que ten que ver cos seus centros históricos, a dar paso aos vehículos privados.



Quedan esvaídos os tímidos avances cara un modelo de cidade para as persoas e que sexa máis sostible.

A decisión de non prohibir a circulación dos vehículos privados en certas zonas, é unha renuncia a obxectivos máis contundentes de diminución de emisións e cara a transformación urbana. Neste PMUS polo tanto **favorecen a quen empregue o vehículo privado fronte aos peóns**. Pasamos de falar de "peonalización" a "humanización" que non son termos que teñan un mesmo significado. E hai un dato relevante, xa que nos últimos anos o uso do transporte privado na cidade de Ferrol incrementouse nun 15%. Non se afrontan de xeito claro problemáticas tales coma a falta de servizos e horarios de autobús, así como desenvolver un modelo modal, unha aposta clara por medios alternativos. Por outra banda, moitas das actuacións referidas ao Desenvolvemento da Axenda Urbana veñen nomeadas como xeralidades: non se contemplan actuacións concretas, nin un cronograma ou dotacións económicas. Dende o Concello entenden esta proposta como un equilibrio entre sustentabilidade e funcionalidade.

Fálase no PMUS dun obxectivo da sustentabilidade e de loita contra o cambio climático. Máis moitas das medidas presentadas (entre elas as de primar o vehículo privado) van na contra da diminución das emisións. Tamén a nula promoción de medios alternativos ou abrir a cidade ás persoas non parecen ser propostas soportadas orzamentariamente. **Espérase algo máis neste momento dun plan de mobilidade para facer cidades sostibles e máis concretamente para unha cidade como Ferrol.**

#OBarrioÉnoso



O MUÍÑO INFORMA

Semana Santa, Paixón e reflexión...



Estamos dentro da coresma, iniciada o mércores de cinza, tempo que conduce á comunidade cristiá, durante 40 días* á celebración da Pascua e o Tempo Pascual ata Pentecostés. Para os fieis é tempo de xaxún, oración e esmola. Dentro das celebracións litúrxicas da Igrexa Católica, as de Semana Santa teñen un papel moi destacado.

(*) Como os 40 días do diluvio, os 40 días de Moisés no Sinaí, os 40 anos vagando polo deserto do pobo xudeu na busca dunha terra prometida, hoxe convertida nun inferno para os residentes locais históricos, os 40 días de Elías ou os 40 de Xesús Cristo no deserto.

Despois da Coresma, e antecedida polo Venres de Dores e o Domingo de Ramos, entramos na Semana de Paixón, semana na que, no sentir popular, son moi importantes os actos multitudinarios das procesións. A súa orixe é debatida; remitíndoa nalgúns estudos ao século II. Entre o século II e o V institucionalizouse a procesión do vía crucis e a celebración da cea de Xesús Cristo cos seus discípulos aparece na contorna do século V. As procesións, que xunto a actos de representación teatral, conforman as dúas grandes formas paralitúrxicas existentes, proceden da época carolinxia (século IX).

En canto a Ferrol, sabemos documentalmente que se vén celebrando desde o século XVII, gañando auxe e un cambio no seu desenvolvemento, desde a segunda metade do XX. Para a referencia máis antiga, acudimos ao Arquivo Parroquial de San Xiao, *Libro Primeiro de mandatos y visitas*, en relación ás procesións e liturxias asociadas ao Descendemento e o Santo Enterramento. O cambio de carácter das celebracións da Semana Santa non foi pacífico. Desenvolveuse certo conflito na Igrexa Católica da zona. O Bispo da Diocese de Mondoñedo-Ferrol chegou a prohibir en 1971 o uso do capuz penitencial nas procesións e algunhas confrarías deixaron de saír.

En 1993, cos principais puntos de conflito resoltos, créase a Coordinadora de Confrarías de Ferrol. Neste senso, participa da conflitividade histórica que a coexistencia de paralitúrxias e liturxias induciu nas comunidades da Igrexa Católica. Segundo Emilio Fernández Díaz, en *“La Semana Santa de Ferrol en sus procesiones y sus imágenes”*, a principios da Transición, “estiveron a piques de facer desaparecer as confrarías e as procesións, pero máis por enfrontamentos coa propia xerarquía eclesiástica que por outros motivos”. As procesións sobreviviron e hoxe son un reclamo turístico. A Canido chegounos a procesión dos “caladiños” que se desenvolve o Venres Santo, cunha historia singular posterior a 1772, herdeira da *“antigua nombrada de Caladiños, que antes salía de la Orden Tercera con la imagen de la Soledad”* (Montero Aróstegui, José, *“Historia de Ferrol y descripción de la ciudad y departamento naval del Ferrol”*). Denominada orixinalmente como “de la Soledad”, transmitiuse xeracionalmente así, en galego. Nese libro, cualifica esta procesión como “a máis patética e solemne da Semana Santa”.

Hoxe é tempo para a reflexión sobre a conmemoración do suplicio e morte dun home, a maos da xustiza formalmente instituída, cun impulso da intolerancia relixiosa. Defensor dos pobres, cun discurso, que matizado por Pablo de Tarso e os chamados Pais da Igrexa, abría os seus brazos a todos os pobos e culturas; reivindicaba a hospitalidade, o reparto das riquezas e botaba do templo a golpes aos mercaderes. Tampouco estaría de máis unha deliberación sobre a relacións republicanas entre institucións que deberían ter un carácter laico (exército, administración local e outras) e unha manifestación de carácter relixiosa. Se ademais se quere exercer o xaxún, a caridade e a oración. Iso está no interior de cada quen.



José Alonso López e Nobal: tralo seu bicentenario

Hoxe lembramos a un dos nosos persoeiros, o cal presta o seu nome a unha das rúas do barrio polas que, un día tras outro, transitamos sen ser moitas veces coñecedores da historia que hai detrás da súa nomenclatura.

Poderíase considerar que na vida de Bernardo José Alonso López e Nobal hai dous factores clave. O primeiro deles, ter nacido en Ferrol no ano 1763, por tanto nun intre no que a vila convertírase nunha base naval. De tal maneira, que o mozo Alonso López orientará a súa formación cara o ámbito da navegación e a enxeñaría, fórmase como piloto naval e durante un tempo exerce como profesor na escola de gardamariñas de Ferrol.

O outro aspecto crucial na vida de Alonso López será a Guerra contra o Francés. Alonso López viviu nun tempo convulso, considerado pola historiografía como o período de tránsito dende o Antigo Réxime, ou Idade Moderna, cara a Idade Contemporánea. Trala invasión francesa, Alonso López involucrarase na resistencia e na actividade política.

Primeiramente, formando parte da Xunta de Defensa de Galicia e posteriormente como deputado nas Cortes de Cádiz. Neste parlamento destaca polo seu perfil liberal, con proposicións en prol da abolición do voto de Santiago ou a supresión dos señoríos. En definitiva, rexeitando o Antigo Réxime.

Se os anos previos na vida de Alonso López foron marcados pola Guerra de Independencia, os derradeiros foron condicionados polo retorno da monarquía borbónica e a restauración do Absolutismo, anos de retraimento e represión para os abolicionistas da antiga orde. O Trienio Liberal será neste senso un breve espellismo, onde Alonso López retoma a actividade política como parlametario nas cortes e finalmente como alcalde segundo da súa urbe natal, antes do retorno efímero do absolutismo. Se ben, isto sobrepasa a existencia vital de Alonso López, que morre en decembro de 1824.

Como principal contributo, alén da súa actividade parlamentaria, lega un estudo sobre Ferrol, que compendia diferentes ámbitos do saber, xeoloxía, botánica, xeografía e historia. Todo isto, recompilado en 6 volumes, escritos nos difíciles anos do retorno ao absolutismo, e titulada como: *Consideraciones generales sobre varios puntos históricos, políticos y económicos, a favor de la libertad y fomento de los pueblos y noticias particulares de esta clase, relativas al Ferrol y a su comarca.*

O pasado mes de decembro cumpríronse douscentos anos do seu cabodano, o cal ten pasado desapercibido, sirva esta páxina como modesto desagravio.



Facer Barrio é manter relacións amables no xeito de mercar, habitar ou convivir. Un consumo consciente, mercando na cercanía, repercute na calidade de vida da nosa contorna, apoiando a economía de base.


EL CUBANO, TALLER DE ZAPATERÍA

El Cubano está de estreo, e iso a pesar de levar décadas dando servizo, e é que acaban de mudar a un novo local a uns metros do seu clásico emprazamento na rúa do Hospital.

O novo local, luminoso, amplo e moi acoledor, está en plena Praza de Canido. Novo emprazamento, nova maquinaria, pero a calidade e o servizo de sempre.

El Cubano é un taller especializado en remendar e coser costuras de elementos de coiro como os bolsos, reparación de calzado e duplicado de chaves.

Tamén ofrece servizos de afiado para profesionais e particulares que queiran manter os coitelos e tesoiras en perfecto estado. El Cubano atende en Praza de Canido no horario de 9:00 a 17:00 horas, de luns a venres e de 9:00 a 14:00 horas os sábados.



TELE-AMÉRICA ELECTRODOMÉSTICOS

Na rúa Alegre número 7 sitúase Tele-América, que ofrece servizos de venda dun amplo abano de marcas e gamas de pequeno electrodoméstico: microondas, ferros, fritidoras, frigoríficos, lavadoras, secadoras, conxeladores... e tamén aparatos de imaxe e son: televisores, radios, DVDs...

Ademais, ofrece servizos integrais de deseño, fabricación e instalación de cociñas, facilitando un orzamento sen compromiso, e tamén ofrece servizos de instalación e reparación de antenas. Tamén teñen moble auxiliar, de salón e de habitación. En definitiva, pasa por Alegre número 7 cando penses en produtos para o teu fogar.